

# NOELIA SUR

H\*\*\*\*

Alfonso Cabrera, 6  
38660 Playa de las Américas  
Arona-Tenerife Sur  
Tenerife

☎ 922 793 511

FAX 922 793 609

🌐 [www.noeliasur.com](http://www.noeliasur.com)



## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno do edificio

- ➔ A rúa de acceso é ampla, chá e está despexada de obstáculos.
- ➔ A entrada principal ten **5** chanzos de **17 cms.**, con unha rampla alternativa de **3,7 m.**, de longo, **2,3 m.** de ancho e unha pendente do **10,5%**.
- ➔ A porta mide **165 cms.**

### Recepción, vestíbulo e corredores

- ➔ O mostrador de atención ao público está a unha altura de **110 cms.**
- ➔ Os corredores teñen unha anchura **>120 cms.**, e o chan non é deslizante. O mobiliario non constitúe ningún obstáculo.

### Aseo adaptado en zoa común

- ➔ Hai **1** aseo adaptado en zoas comúns.
- ➔ Situado en planta con itinerario accesible. É preciso o emprego de ascensor.
- ➔ A porta xeral mide **74 cms.**, e a da cabina **85 cms.** Ambas abren cara ao interior.
- ➔ O espazo libre inferior lo lavabo é de **70 cms.**, e o fondo é de **48 cm.** A billa é monomando.
- ➔ Os accesorios do baño están a unha altura entre **70-137 cms.**, e o borde inferior do espello a **100 cms.**
- ➔ A altura do asento do inodoro é de **42 cms.**, e o mecanismo de descarga está a **106 cms.** A el se accede por o lado dereito con un espazo libre de **100 cms.**
- ➔ Hai unha barra abatible no lado esquerdo situada a unha altura de **54-72 cms.**

### Ascensor

- ➔ Hai **4** ascensores de idénticas características.
- ➔ A porta da cabina mide **79 cms.**
- ➔ As dimensións interiores son de **132 cms.** de ancho e **135 cms.** de fondo.

### Cuarto adaptado (Nº 246)

- ➔ Nº de cuartos adaptados: **5**
- ➔ Situado en planta con itinerario accesible. É preciso o emprego de ascensor.
- ➔ A porta mide **86 cms.** e no interior se pode inscribir unha circunferencia de **150 cms.**





- A cama ten unha altura de **55 cms.** Ten un lado de acceso **>120 cms.** por o lado dereito.
- O perchero do armario está a unha altura de **195 cms.**, e o mecanismo de control ambiental está a **150 cms.**
- A porta da terraza mide **180 cms.**, e hai unha cella de **2 cms.**

### Aseo no cuarto

- A porta mide **86 cms.** e abre cara ao exterior.
- No interior do aseo se pode inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **42 cms.**, e o mecanismo de descarga a **75 cms.** A él se accede por o lado dereito, esquerdo e frontal con un espazo libre de **>80 cms.**
- Hai unha barra abatible no lado esquerdo situada a unha altura de **56-72 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **70 cms.** e o fondo é de **53 cms.** A billa é monomando.
- Os accesorios do baño se atopan a unha altura entre **85-160 cms.** e o borde inferior do espello está a **105 cms.**
- Hai ducha e bañeira.
- O chan da ducha é continuo con o recinto e é antideslizante.
- Non hai cadeira de ducha pero existe a posibilidade de ducharse dende o inodoro. A billa está situada en parede non accesible.
- Hai unha barra horizontal a unha altura de **56-72 cms.**
- A billa da ducha é de tipo pomo e está situada a unha altura de **52 cms.**, en parede non accesible.
- A altura da bañeira é de **44 cms.**
- Non hai bancos de transferencia.
- Hai unha barra vertical a unha altura de **56-72 cms.**
- A billa da bañeira é de tipo pomo e está situada a unha altura de **52 cms.** en parede non accesible.
- O hotel facilita información de axudas técnicas que o cliente pode alugar.

### Cafetería

- Situada en planta con itinerario accesible.
- As portas miden **80 cms.**

- As mesas teñen unha altura de **75 cms.**, un espazo libre inferior de **70 cms.** e un fondo de **30 cms.** con pata central.
- A barra da cafetería está a unha altura de **110 cms.**

### Salón bufé / almuerzo

- Situado en planta con itinerario accesible. É preciso o emprego do ascensor.
- As mesas teñen unha altura de **78 cms.**, un espazo libre inferior de **73 cms.**, e un ancho de **70 cms.**
- A barra do bufé está a unha altura de **111 cms.**

### Piscina

- A piscina é exterior. Está situada en planta **-1.**
- O itinerario é accesible. É preciso o emprego do ascensor.
- A porta mide **80 cms.**, e é de dobre folla.
- A piscina non dispón de grúa que facilite o acceso ao vaso.



## ACCESIBILIDADE VISUAL

---

### Acceso principal

- A porta principal é automática e acristalada. Non está sinalizada axeitadamente.
- Non hai chanzos ou desniveis que dificulten o paso.

### Vestíbulo e zoas comúns

- O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe obstáculo.
- A iluminación non é homoxénea. A luz natural produce zoas de luz e sombra.

### Sinalética

- Hai un patrón homoxéneo na sinalética e permite aproximarse axeitadamente para a súa lectura.
- Os carteis están colocados a unha altura entre **144-200 cms.**
- As letras e símbolos miden **>3 cms.** e presentan contraste cromático con o fondo.
- A sinalética non está transcrita ao braille nin en altorrelevo.

### Escaleiras principais

- Existen **2** escaleiras principais.
- A escaleira **1** comunica a recepción con as plantas superiores e a escaleira **2** comunica a recepción con a piscina.
- Na escaleira nº **1** os chanzos son homoxéneos, dispoñen de tabica, non teñen bocéis e non están sinalizados táctil nin visualmente.
- A varanda é continua nas mesetas.
- En ningunha a iluminación é homoxénea.

### Ascensor

- Hai **4** ascensores con características similares.
- As portas teñen sistema de apertura antiaprisoamento.
- A botoeira non está en braille nin en altorrelevo.

- Non hai franxa de sinalización táctil que indique o acceso á cabina.
- Non ofrece información sonora de parada en planta.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA



### Recepción

- A porta é totalmente acristalada.
- Dispón de paneis informativos.
- O persoal non ten coñecemento da linguaxe de signos.
- En recepción dispoñen de fax para o emprego dos clientes que o precisen.

### Cuarto

- Non existe a posibilidade de conexión a Internet.
- Hai información escrita dos servizos prestados.
- Hai enchufes a carón da cama.
- O televisor ten decodificador de teletexto pero non permite a comunicación con recepción nin oferta servizo de despertador luminoso.
- A porta non dispón de mira.
- A porta do baño non permite comunicación con o exterior.

### Aseos comúns

- As portas non teñen sistema de información visual de ocupado/libre.
- As portas non teñen banda libre inferior que permita a comunicación con o exterior.

### Ascensores

- As portas non teñen sistema de información visual no interior da cabina.
- Non ten dispositivo de emerxencia con sinal luminoso.

### Sistema de emerxencia

- Non hai sistema de emerxencia visual.

## NOTAS

---



---



---



---



---



---



---



---



---





---

# BITÁCORA

H\*\*\*\*

California, I  
38660 Arona (Tenerife Sur)

 922 791 540

 922 796 677

 [www.springhoteles.com](http://www.springhoteles.com)



## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno do edificio

- A rúa de acceso, en lixeira costa, con unha inclinación do **10,5%**, é ampla e despexada de obstáculos.

### Acceso principal

- A entrada principal é accesible, non hai chanzos, desniveis ou ocios de paso estreitos que dificulten o acceso.
- No itinerario para acceder ao hotel hai **3** chanzos con rampla alternativa de **4,70 m.** de longo e cunha pendente máxima de **10,5 %** que cumpre unhas condicións óptimas de accesibilidade. Ten un pasamáns a unha altura de **95 cms.**
- A entrada principal é accesible, a porta mide **160 cms.** e está sempre aberta.

### Recepción, vestíbulo e corredores

- O mostrador de atención ao público está a unha altura de **118 cms.**
- Os corredores teñen unha anchura **>120 cms.** e o chan non é deslizante. O mobiliario non constitúe ningún obstáculo.

### Aseo adaptado en zoa común

- Hai **2** aseos adaptados en zoas comúns.
- Situados na planta baixa xunto a recepción. O itinerario é accesible.
- A porta xeral mide **77 cms.** e a da cociña **82 cms.** e abre cara o interior.
- A altura do asento do inodoro é de **41 cms.** e o mecanismo de descarga está a **110 cms.** A él se accede polo lado dereito con un espazo libre de **77 cms.** e frontalmente con un espazo de **75 cms.**
- Hai dúas barras abatibles a unha altura de **55-73 cms.** e con unha separación de **64 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **76 cms.** e o fondo é de **30 cms.** A billa é monomando.
- Os accesorios do baño están a unha altura entre **90-100 cms.** e o borde inferior do espello está a **112 cms.**

### Ascensor

- Hai **5** ascensores de dous tipos: os de **tipo 1 (4 ascensores)** comunican a recepción coas plantas superiores e os de **tipo 2 (1 ascensor)** comunica a recepción coa planta **-1.**





- As portas da cabina dos ascensores **tipo 1** miden **77 cms.** e as dimensións interiores son de **137 cms.** de ancho e **126 cms.** de fondo e teñen un pasamáns a unha altura de **100 cms.**
- A porta da cabina do ascensor de **tipo 2** mide **79 cms.** e as dimensións interiores son de **134 cms.** de ancho e **125 cms.** de fondo e teñen pasamáns a unha altura de **90 cms.**

### Cuarto adaptado (Nº 045)

- Nº de cuartos adaptados: **5.**
- Todos os cuartos están na planta baixa xunto á recepción.
- No itinerario hai unha rampla de **3,20 cms.** de longo, de **1,34 m.** de ancho e con unha inclinación de **12,2 %.**
- A porta mide **82 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- A altura da cama é de **55 cms.** Ten un espazo de acceso **>80 cms.** por o lado dereito e por o lado esquerdo.
- O percheiro do armario está a unha altura de **170 cms.** e o mecanismo de control ambiental está a **187 cms.**

### Aseo no cuarto

- A porta mide **78 cms.** e abre cara o interior.
- No interior do aseo pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **42 cms.** e o mecanismo de descarga a **98 cms.** A el se accede polo lado dereito e frontal con un espazo libre **>120 cms.**
- Hai unha barra fixa ao lado esquerdo e unha abatible ao lado dereito situadas a unha altura de **58-74 cms.,** e con unha separación de **78 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **70 cms.** e o fondo é de **30 cms.** A billa é monomando.
- Os accesorios do baño se encontran a unha altura entre **80-120 cms.** e o bordo inferior do espello a **111 cms.**
- A bañeira ten unha altura de **48 cms.** e ten banco de transferencia con respaldo ( hai un para cada habitación).
- Hai unha barra horizontal a unha altura de **78 cms.**
- A billa da bañeira é tipo pomo e está situada a unha altura de **69 cms,** na parede non accesible.

### Salón bufé de almorzo

- Situado na planta **-1.** É necesario o uso do ascensor **tipo 2.**

- A porta mide **74 cms.** e é de dobre folla.
- As mesas teñen unha altura de **78 cms.** un espazo libre inferior de **66 cms.** un ancho de **63 cms.** e un fondo de **77 cms.**
- A barra de bufé está a unha altura de **90 cms.** e ten un espazo libre inferior de **62 cms.**

### Cafetería

- Situada na planta baixa con itinerario accesible, nun espazo continuo á recepción.
- A porta mide **74 cms.** e é de dobre folla.
- As mesas teñen unha altura de **61 cms.**
- A altura do mostrador é de **120 cms.**

### Piscina

- A piscina é exterior. Pódese acceder dende o interior facendo uso do ascensor **tipo 2.**
- No itinerario dende o ascensor ata a piscina hai dúas ramplas de máis de **9 m.;** a primeira ten unha inclinación do **14%** e a segunda ten unha inclinación do **8%.**
- A porta mide **147 cms.**
- A piscina non dispón de grúa que facilite o acceso ao vaso.

### Aparcadoiro

- Hai dúas prazas públicas do aparcadoiro reservadas para persoas con mobilidade reducida e sinalizadas con o Símbolo Internacional de Accesibilidade próximas ao hotel, cun ancho de **3,40 m.** e un largo de **5 m.**
- O itinerario ata o hotel está en lixeira costa (inclinación **10,5%**).

## ACCESIBILIDADE VISUAL

---

### Acceso principal

- A porta principal é automática e acristalada. Está sinalizada axeitadamente.
- No itinerario para acceder ao hotel hai **3** chanzos con rampla alternativa con un pasamáns a unha altura de **95 cms.** Ten zócolo de protección e sinalización tacto visual.

### Vestíbulo e zoas comúns

- O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe ningún obstáculo.
- A iluminación non é homoxénea. A luz natural produce zoas de luz e sombra.

### Sinalética

- Hai un patrón homoxéneo na sinalética e permite aproximarse para a súa lectura.
- Os carteis están colocados a unha altura entre **100-200 cms.**
- As letras e símbolos miden **3 cms.** e non presentan contraste cromático co fondo.
- A sinalética non está transcrita ao Braille nin altorelevo.

### Escaleiras principais

- Existen **3** escaleiras principais.
- As tres escaleiras comunican a recepción coas plantas superiores e as inferiores.



- ➔ En ambas os chanzos son homoxéneos, dispoñen de tabica, non teñen boceis e zócolo de protección e o borde non está sinalizado táctil nin visualmente. Teñen varanda continua nas mesetas.
- ➔ A iluminación é suficiente pero non é homoxénea.

### Ascensor

- ➔ A botoeira está en braille e en altorelevo.
- ➔ Non hai franxa de sinalización táctil que indique o acceso á cabina.
- ➔ Non ofrece información sonora de parada en planta.



## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Recepción

- ➔ A porta é totalmente acristalada.
- ➔ Dispón de paneis informativos.
- ➔ O persoal non ten coñecementos da lingua de signos.
- ➔ Na recepción dispoñen de fax para o uso dos clientes que o soliciten.

### Cuarto

- ➔ Existe a posibilidade de conexión a internet.
- ➔ Hai información escrita dos servizos prestados.
- ➔ Hai parafusos xunto á cama.
- ➔ A televisión non ten decodificador de teletexto nin permite a comunicación coa recepción, nin ofrece servizo despertador luminoso.
- ➔ A porta non dispón de mira.
- ➔ A porta do baño non permite a comunicación co exterior.

### Aseos comúns

- ➔ As portas non teñen sistema de información visual de ocupado/libre.
- ➔ As portas teñen banda libre inferior que permite a comunicación co exterior.

### Ascensores

- ➔ Existe información visual no interior da cabina e no exterior.
- ➔ Non ten dispositivo de emerxencia con sinal luminosa.

### Sistema de emerxencia

- ➔ Non hai sistema de emerxencia visual.

### NOTAS

---



---



---



---

# H10 TENERIFE PLAYA

H\*\*\*\*

Colón, 12  
38400 Puerto de la Cruz  
Tenerife

 922 383 211

 922 383 791

 [www.h10hotels.com](http://www.h10hotels.com)



## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno do edificio

- A rúa de acceso é ampla e está despexada de obstáculos.

### Acceso principal

- A entrada principal é accesible, non hai chanzos, desniveis ou ocios de paso estreitos que dificulten o acceso.
- A porta é automática e mide **154 cms.**

### Recepción, vestíbulo e corredores

- O mostrador de atención o público está a unha altura de **110 cms.**
- Os corredores teñen unha anchura >**120 cms.** E o chan non é deslizante. O mobiliario non constitúe ningún obstáculo.

### Aseo adaptado en zoa común

- Situado en planta baixa xunto recepción. O itinerario é accesible.
- A porta xeral mide **87 cms.** E a da cabina **76 cms.** e abre cara ao exterior.
- A altura do asento do inodoro é de **42 cms.** e o mecanismo de descarga está a **74 cms.** A el se accede polo lado dereito con un espazo libre de **80 cms.** e frontalmente con un espazo de **100 cms.**
- Hai dúas barras abatibles a unha altura de **60-78 cms.** e con unha separación de **56 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **73 cms.** e o fondo é de **48 cms.** A billa é monomando.
- Os accesorios do baño están a unha altura de **130 cms.** e o bordo inferior do espello a **97 cms.**

### Ascensor

- A porta da cabina mide **80 cms.**
- As dimensións interiores son de **124 cms.** de ancho e **95 cms.** de fondo.
- Dispón de pasamáns a unha altura de **88 cms.**

### Cuarto adaptado (Nº 233)

- Nº de cuartos adaptados: **2.**
- Situado en planta accesible. É necesario o uso do ascensor.





- A porta mide **85 cms.** e no interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- A cama ten unha altura de **50 cms.** Polo lado esquerdo hai un espazo de acceso **>120 cms.** e polo lado dereito de **70 cms.**
- O percheiro do armario está a unha altura de **190 cms.** e o mecanismo de control ambiental está a **150 cms.**

### Aseo no cuarto

- A porta mide **88 cms.** e abre cara ao exterior.
- No interior pódese inscribir unha circunferencia de **150 cms.**
- O inodoro está situado a unha altura de **42 cms.** e o mecanismo de descarga a **74 cms.** A él se accede frontalmente con un espazo libre de **120 cms.**
- Hai dúas barras. Unha fixa no lado dereito e unha abatible no lado esquerdo, situadas a unha altura de **74-77 cms.** e cunha separación de **67 cms.**
- O espazo libre inferior do lavabo é de **74 cms.** e o fondo é de **60 cms.** A billa é monomando.
- Os accesorios do baño se encontran a unha altura entre **83-165 cms.** e o bordo inferior do espello a **100 cms.**
- Hai ducha e bañeira.
- O chan da ducha é continuo con o recinto e é antideslizante.
- Hai un espazo de acceso frontal **>120 cms.**
- Hai unha barra horizontal a unha altura de **100-116 cms.**
- A billa da ducha é de tipo pomo e está situada na parede accesible a unha altura de **116 cms.**
- Dispón de cadeira de rodas non autopropulsable que facilita o acceso ao inodoro e á ducha.
- A bañeira ten unha altura de **49 cms.** e ten banco de transferencia sen respaldo.
- A billa da bañeira é monomando e está situada na parede frontal accesible a unha altura de **69 cms.**

### Salón, bufé de almorzos

- Situado na planta accesible.
- A porta mide **78 cms.** e é de dobre folla.
- As mesas teñen unha altura de **75 cms.** e un espazo libre inferior de **66 cms.,** un ancho de **53 cms.** e un fondo de **70 cms.**

- ➔ A barra do buffet está a unha dobre altura de **88 e 100 cms.**

### Piscina

- ➔ A piscina é exterior e se accede dende cafetería.
- ➔ A porta mide **82 cms.**
- ➔ No itinerario hai dúas ramplas, a primeira, con pasamáns a unha altura de **94 cms.**, mide **360 cms.** de longo, **110 cms.** de ancho e ten unha inclinación do **17,6%**.
- ➔ A piscina non dispón de grúa que facilite o acceso ao vaso.

### Cafetería

- ➔ Situada na planta baixa con itinerario accesible.
- ➔ A altura da mesa é de **58 cms.**
- ➔ A barra da cafetería está a unha altura de **111 cms.** e para acceder a ela hai un chanzo de **8 cms.**



## ACCESIBILIDADE VISUAL

---

### Acceso principal

- ➔ A porta principal é automática. Non está sinalizada adecuadamente.
- ➔ Non hai chanzos ou desniveis que dificulten o paso.
- ➔ Os felpudos non están fixos.

### Vestíbulo e zoas comúns

- ➔ O mobiliario está ubicado correctamente e non constitúe ningún obstáculo.
- ➔ A iluminación non é homoxénea. A luz natural produce zoas de luz e sombra.

### Sinalética

- ➔ Non hai un patrón homoxéneo na sinalética e permite aproximarse para a lectura.
- ➔ Os carteis están colocados a unha altura entre **40-180 cms.**
- ➔ As letras e símbolos miden **>4 cms.** e presentan contraste cromático co fondo.
- ➔ A sinalética non está transcrita o braille nin en altorelevo.

### Escaleiras principais

- ➔ A escaleira comunica a recepción coas plantas superiores.
- ➔ Os chanzos son homoxéneos, dispoñen de tabica, teñen boceis, non teñen zócolo de protección e están sinalizados táctil e visualmente.
- ➔ A varanda é continua nas mesetas.
- ➔ A escaleira ten moqueta e está correctamente anclada.
- ➔ A iluminación é suficiente pero non é homoxénea.

### Ascensor

- ➔ As portas teñen sistema de apertura antiaprisionamento.
- ➔ A botoeira está en braille e en altorelevo.
- ➔ Non hai franxa de sinalización táctil que indique o acceso á cabina.
- ➔ Non ofrece información sonora da parada en planta.

